

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN 2º ESO. Curso 2023-24

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, de análise de partituras, de audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final.

Avaliaranse con probas escritas xa sexan traballos ou exames.

No caso de avaliar por traballos, estes poderán ser individuais ou por grupos e poderán contar con exposición oral.

No caso de realización de exames contarán con preguntas tipo test e outras de redacción para a explicación dos contidos e de análise de audicións ou partituras.

As probas escritas poderán realizarse por unidades independentes, é dicir probas parciais ou xuntas, probas trimestrais. No caso das probas parciais a cualificación será a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre, no caso dunha soa proba ou exame, esa será a cualificación do trimestre nos contidos teóricos. En ambos os dous casos (media das probas parciais ou única proba trimestral) aplicarase a porcentaxe do 40% da nota da materia.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal e dancística. Os exercicios prácticos de lectura rítmica e melódica, o traballo na aula, os traballos a presentar, etc sendo logo un 60% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación musical hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%
- 2º Trimestre: 40%
- 3º Trimestre: 30%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, dende 0,5 e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

O alumnado que non poida superar a materia coas actividades de recuperación desenvolvidas ao longo do curso (expostas no apartado criterios de recuperación) realizará un exame que englobe os contidos mínimos teóricos e prácticos e responda ao mesmo deseño exposto anteriormente, e aos mesmos criterios de cualificación da programación.

Criterios de recuperación

O departamento de música, ao longo do curso, facilitará ao alumnado as actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia con cualificación negativa. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas e non as superase, o deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa, no caso de que esta repetición se considere necesaria para a aprendizaxe significativa do alumnado; ou actividades non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos:

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva. As novas cualificacións obtidas en ditas actividades utilizaranse para recalcular as notas das avaliacións parciais e final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.